

plan de acción tutorial

IES MAXIMINO ROMERO DE LEMA
BAIO - ZAS

INTRODUCCIÓN

A docencia non ten por obxecto unicamente os coñecementos e procedementos, senón tamén valores, normas e actitudes; ten por obxecto, en definitiva, o pleno desenvolvemento persoal do alumnado, un desenvolvemento que implica, por parte do profesorado, o exercicio da función titorial.

Consideramos a titoría como o conxunto de actividades de orientación académica, persoal, social e profesional que complementan o proceso instrutivo do alumnado para contribuír á súa formación integral. Estas actividades son tan importantes para unha axeitada integración e desenvolvemento na sociedade como a instrución nos coñecementos e saberes das distintas disciplinas. Contribúen a formar cidadáns máis responsables, comprometidos e ao mesmo tempo satisfeitos consigo mesmos. As actuacións referentes a este ámbito de formación recóllense no plan de acción titorial, un documento que forma parte do proxecto educativo do centro.

Dadas as características desta actuación educativa, é imprescindible que se leve a cabo de maneira integrada nas demais actuacións do centro: no desenvolvemento da programación da aula, das actividades complementarias e extraescolares, do plan de convivencia, do proxecto lector do centro. etc.

Por tanto, a acción titorial constitúe unha parte imprescindible do proceso educativo do alumnado, e como tal debe responder a unha actuación planificada, adaptada ás necesidades e situacións particulares e avaliada e revisada con frecuencia.

Por todo isto, o plan de acción titorial que aquí se presenta ten como finalidade orientar e axudar a organizar o labor dos titores e titoras, evitando que a titoría quede vacía de contidos e evitando tamén ao mesmo tempo que a titoría sexa un espazo no que cabe todo tipo de actividades de maneira improvisada. Ademais, con este plan preténdese establecer unha secuenciación dos contidos da titoría ao longo dos catro cursos da ESO, de maneira que se traten todos os aspectos con todos os alumnos.

No plan de acción titorial propóñense actividades a desenvolver con todos os participantes no proceso educativo: alumnos, profesores e familias. Aínda que o maior número de actividades propostas corresponden ao sector do alumnado, xa que teñen unha sesión semanal dedicada a iso, hai que ter en conta que as actividades destinadas ao profesorado e ás familias son igualmente importantes.

É importante ter en conta tamén que aínda que as actividades propostas neste plan están pensadas para que as leve a cabo o titor ou titora, coa colaboración do departamento de orientación e a coordinación da xefatura de estudos, a acción titorial debe estar integrada en todo o proceso educativo, como explicábamnos anteriormente, polo que todo o profesorado e toda a comunidade educativa debe coñecer este plan e implicarse e colaborar no desenvolvemento dos obxectivos que se propoñen.

Finalmente, hai que destacar que as actividades deste plan teñen un carácter orientativo, deixando a decisión final de desenvolver estas ou outras actividades en función do criterio de cada titor ou titora, das circunstancias particulares de cada grupo, das situacións e problemáticas que se dean en cada curso, etc. Sen embargo, os obxectivos e contidos propostos si é conveniente que se respecten para desta maneira intentar que o proceso formativo sexa completo e teña unha continuidade ao longo da etapa.

OBXECTIVOS

O plan de acción tutorial ten como obxectivos os seguintes:

- Favorecer o desenvolvemento psicosocial do alumnado, xa que na ESO, dado o seu carácter de etapa obrigatoria e de formación básica, é importante atender a integración social tanto como a adquisición de aprendizaxes.
- Optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe, tendo en conta que ao remate da escolaridade obrigatoria é necesario que os alumnos e alumnas posúan unha serie de aprendizaxes básicas que lles permitan a incorporación á sociedade como cidadáns activos ou a continuación de estudos.
- Favorecer o desenvolvemento vocacional do alumnado, xa que deben estar preparados para a toma de decisións sobre o seu futuro profesional, para o desenvolvemento dun proxecto de vida e para o desenvolvemento persoal e profesional.
- Fomentar a coordinación docente, como condición básica para ofrecer unha resposta educativa coherente e axustada ás necesidades e intereses dos alumnos e conseguir unha continuidade e coherencia no proceso educativo tanto dentro do instituto como entre o instituto e os centros de Educación Infantil e Primaria do contorno.
- Potenciar a colaboración e participación dos pais e nais no proceso educativo, xa que é necesario que haxa unha continuidade entre o proceso educativo escolar e o familiar para lograr unha correcta funcionalidade da aprendizaxe e unha axeitada formación do alumnado para a súa integración no contorno socio-cultural.

Ademais, propóñense os seguintes obxectivos específicos:

- Potenciar a integración dos alumnos e alumnas no grupo-clase e no centro.
- Favorecer a adquisición de habilidades sociais nos alumnos e alumnas.
- Contribuír ao desenvolvemento dun axeitado autoconcepto e autoestima.
- Contribuír ao desenvolvemento da madurez vocacional.
- Axustar as programacións ás necesidades dos alumnos.
- Favorecer e a coordinación, reflexión e implicación dos docentes nos aspectos curriculares e orientadores.
- Coordinar o proceso avaliador.
- Manter canles de comunicación fluídas coas familias.
- Potenciar a colaboración das familias nas actividades escolares e extraescolares.

CONTIDOS

Para o logro dos obxectivos propostos empregaranse, en todos os cursos, os seguintes bloques de contidos:

1. Presentación e acollida.
2. Técnicas de estudo.
3. Desenvolvemento persoal e social.
4. Orientación académica e profesional.
5. Avaliación.
6. Coordinación e colaboración entre o profesorado.
7. Coordinación e colaboración coas familias.

As actividades para o desenvolvemento destes contidos en cada curso da etapa preséntase como anexo a este documento.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

Tendo en conta a finalidade da titoría, o aspecto máis importante no plano metodolóxico é darlle voz ao alumnado: partir das súas necesidades e inquietudes, tratar de responder ás súas dúbidas, aconsellalos e orientar as súas accións de maneira educativa e responsable. Pero tamén é fundamental para lograr un proceso educativo integral o traballo coordinado coas familias e co profesorado, mantendo contactos frecuentes para a reflexión e a toma de decisións conxuntas para a implicación e o seguimento do proceso educativo do alumnado.

Desta maneira, na sesión de titoría debería dársele preferencia sempre ás inquietudes ou problemas que xurdan ao longo do curso tratando de solucionarlas e atendelas seguindo a liña proposta nos obxectivos e contidos deste plan. No caso de que non aparecesen problemas, anéxase a continuación como alternativa unha proposta de actividades xenéricas para desenvolver ao longo do curso con todos os sectores da comunidade educativa, que en calquera caso haberá que adaptar ás características de cada grupo en concreto antes da súa posta en práctica.

Respondendo á intención orientativa deste plan, as actividades propostas, así como a súa secuenciación, son unicamente unha alternativa, e o titor ou titora decidirá se empregar esta proposta ou outra propia segundo o considere máis axeitado.

En calquera caso, é importante ter en conta como principios metodolóxicos que é fundamental partir das necesidades de cada grupo, facendo partícipes a todos os protagonistas de maneira activa, fomentando o diálogo, o debate, a reflexión común, o traballo en equipo e a toma de decisións compartida, e favorecendo a análise e valoración responsable das actuacións co obxectivo da mellora futura.

É igualmente importante tamén, coa finalidade de que a acción titorial sexa completa, que se realicen actuacións non só co alumnado, senón tamén co resto de profesores e coas familias, e que todos os sectores participen de maneira coordinada.

Realizaranse reunións periódicas entre os titores e o orientador do centro para propor e analizar materiais concretos para desenvolver as actividades propostas neste plan, para propoñer e deseñar actividades alternativas se se considerase oportuno e para ir realizando o seguimento do plan.

Será necesario manter tamén reunións periódicas coas familias a nivel individual e a nivel grupal, tal e como se indica na proposta de actividades do anexo, e considerarase a posibilidade de organizar tamén outras actividades complementarias a estas reunións. Da mesma maneira, as reunións de coordinación entre o profesorado de cada grupo serán fundamentais.

En canto aos recursos, disporase dos recursos persoais e materias existentes no centro.

AVALIACIÓN

A avaliación do plan de acción titorial irase realizando ao longo do seu proceso de aplicación, de maneira que permita ver os progresos a curto prazo e en consecuencia modificar os aspectos do programa que resulten inadecuados. Esta avaliación será realizada por todos os participantes das actuacións que se desenvolvan e o titor ou titora

correspondente será quen recolla as conclusións resultantes do proceso e realice as modificacións inmediatas que considere oportunas, co asesoramento do departamento de orientación.

Nun segundo momento, ao final de cada curso, realizarase unha análise global dos resultados do plan entre todos os participantes, coa intención de definir os aspectos que é necesario modificar, en que sentido se deben deseñar as modificacións, que novos aspectos é necesario incorporar e cales é preciso suprimir, etc. Esta análise realizarase en colaboración co departamento de orientación e a comisión de coordinación pedagóxica e as súas conclusións e propostas formarán parte da memoria xeral do centro.

Os criterios para a avaliación do plan de acción tutorial son os seguintes:

- A adecuación do plan ás necesidades dos seus destinatarios.
- O grao de consecución dos obxectivos propostos.
- A adecuación das actividades aos seus destinatarios.
- A adecuación e suficiencia dos recursos dispoñibles.
- O grao de participación nas actividades realizadas.
- A adecuación da temporalización na que se levou a cabo a programación.
- O grao de implicación do profesorado, do alumnado e das familias.
- O grao de satisfacción dos implicados.

anexo

proposta de actividades de titoría
ao longo da etapa

1º ESO

SECTOR	ACTIVIDADES	SESIÓNS / TEMPORALIZACIÓN
1º TRIMESTRE		
Alumnado	Actividades de acollida: presentación, normas, propostas para a titoría e plan de traballo para o curso	2-3
	Orientación académica e profesional: información da nova etapa e sobre o sistema educativo (estrutura, itinerarios, promoción e titulación, recuperacións, saídas, etc.)	1
	Elección de delegado: funcións, compromisos, procedemento e elección	2
	Técnicas de estudo	4
	Avaliación trimestral	2
Profesorado	Sesión de avaliación inicial do curso	Segunda quincena de outubro
	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre
	Sesión de avaliación ordinaria	Finais do primeiro trimestre
Familias	Reunión inicial informativa	Segunda quincena de outubro
	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre
2º TRIMESTRE		
Alumnado	Técnicas de estudo	3
	Programa de desenvolvemento persoal e social, unidades 1 a 4	6
	Avaliación trimestral	2
Profesorado	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre
	Sesión de avaliación ordinaria	Finais do segundo trimestre
Familias	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre
	Reunión informativa sobre a marcha do grupo	Primeira quincena de marzo
3º TRIMESTRE		
Alumnado	Orientación académica e profesional: optatividade en 2º ESO, alternativas formativas segundo as necesidades (PMAR)	2
	Programa de desenvolvemento persoal e social, unidades 5 a 10	7
	Avaliación final do curso e da titoría	2
Profesorado	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre
	Sesión de avaliación ordinaria e elaboración do consello orientador	Finais do terceiro trimestre
Familias	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre

2º ESO

SECTOR	ACTIVIDADES	SESIÓNS / TEMPORALIZACIÓN
1º TRIMESTRE		
Alumnado	Actividades de acollida: presentación, normas, propostas para a titoría e plan de traballo para o curso	1
	Orientación académica e profesional: información sobre o novo curso. Recuperación das pendentes e criterios de promoción	1
	Elección de delegado: funcións, compromisos, procedemento e elección	2
	Técnicas de estudo: repaso xeral e perfeccionamento da lectura e da identificación das ideas principais	4
	Programa de desenvolvemento persoal e social: o tabaco	2
	Avaliación trimestral	2
Profesorado	Sesión de avaliación inicial do curso	Segunda quincena de outubro
	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre
	Sesión de avaliación ordinaria	Finais do primeiro trimestre
Familias	Reunión inicial informativa	Segunda quincena de outubro
	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre
2º TRIMESTRE		
Alumnado	Programa de desenvolvemento persoal e social: alcohol, drogas	2
	Cohesión grupal, actividades 1, 2, 3 e 4 (opcionalmente a 5)	7
	Avaliación trimestral	2
Profesorado	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre
	Sesión de avaliación ordinaria	Finais do segundo trimestre
Familias	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre
	Reunión informativa sobre a marcha do grupo	Primeira quincena de marzo
3º TRIMESTRE		
Alumnado	Toma de decisións, actividades 1, 2, 3 e 4	7
	Orientación académica e profesional: optativas/itinerarios en 3ºESO, alternativas formativas segundo as necesidades (PMAR, FPB)	2
	Avaliación final do curso e da titoría	2
Profesorado	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre
	Sesión de avaliación ordinaria e elaboración do consello orientador	Finais do terceiro trimestre
Familias	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre

3º ESO

SECTOR	ACTIVIDADES	SESIÓNS / TEMPORALIZACIÓN
1º TRIMESTRE		
Alumnado	Actividades de acollida: presentación, normas, propostas para a titoría e plan de traballo para o curso	1-2
	Orientación académica e profesional: información sobre o novo curso. Recuperación das pendentes e criterios de promoción	1
	Elección de delegado: funcións, compromisos, procedemento e elección	2
	Técnicas de estudo: repaso xeral e perfeccionamento da lectura e da realización de esquemas	5
	Avaliación trimestral	2
Profesorado	Sesión de avaliación inicial do curso	Segunda quincena de outubro
	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre
	Sesión de avaliación ordinaria	Finais do primeiro trimestre
Familias	Reunión inicial informativa	Segunda quincena de outubro
	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre
2º TRIMESTRE		
Alumnado	A adolescencia	2
	Habilidades sociais	7
	Avaliación trimestral	2
Profesorado	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre
	Sesión de avaliación ordinaria	Finais do segundo trimestre
Familias	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre
	Reunión informativa sobre a marcha do grupo	Primeira quincena de marzo
3º TRIMESTRE		
Alumnado	Orientación académica e profesional (I): estrutura, optatividade e itinerarios formativos de 4º ESO; criterios de titulación; alternativas posteriores	2
	Educación en valores: responsabilidade con un mesmo (hábitos de vida saudables)	6
	Orientación académica e profesional (II): axuda final na toma de decisións	1
	Avaliación final do curso e da titoría	2
Profesorado	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre
	Sesión de avaliación ordinaria e elaboración do consello orientador	Finais do terceiro trimestre
Familias	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre

4º ESO

SECTOR	ACTIVIDADES	SESIÓNS / TEMPORALIZACIÓN
1º TRIMESTRE		
Alumnado	Actividades de acollida: presentación, normas, propostas para a titoría e plan de traballo para o curso	1-2
	Orientación académica e profesional: información sobre o novo curso. Recuperación das pendentes e criterios de titulación	1
	Elección de delegado: funcións, compromisos, procedemento e elección	2
	Técnicas de estudo: repaso xeral e perfeccionamento da lectura, da toma de apuntamentos, da realización de traballos e de exames	5
	Avaliación trimestral	2
Profesorado	Sesión de avaliación inicial do curso	Segunda quincena de outubro
	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre
	Sesión de avaliación ordinaria	Finais do primeiro trimestre
Familias	Reunión inicial informativa	Segunda quincena de outubro
	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre
2º TRIMESTRE		
Alumnado	Orientación académica e profesional (I): información sobre o bacharelato, a formación profesional e outras opcións formativas; acceso ao mercado laboral.	2
	Educación en valores (II): responsabilidade, respecto, empatía, autorregulación	7
	Avaliación trimestral	2
Profesorado	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre
	Sesión de avaliación ordinaria	Finais do segundo trimestre
Familias	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre
	Reunión informativa sobre a marcha do grupo	Primeira quincena de marzo
3º TRIMESTRE		
Alumnado	Orientación académica e profesional (III): programa de toma de decisións. Preparación do consello orientador	7
	Educación en valores (III): responsabilidade, respecto, empatía, autorregulación	2
	Avaliación final do curso e da titoría	2
Profesorado	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre
	Sesión de avaliación ordinaria e elaboración do consello orientador	Finais do terceiro trimestre
Familias	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre

PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E O RENDEMENTO

SECTOR	ACTIVIDADES	SESIÓNS / TEMPORALIZACIÓN
1º TRIMESTRE		
Alumnado	Actividades de acollida: presentación, normas, propostas para a titoría e plan de traballo para o curso	1
	Orientación académica e profesional: información sobre o programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento; recuperación das pendentes; criterios de titulación	1
	Elección de delegado: funcións, compromisos, procedemento e elección	2
	Motivación cara á aprendizaxe e mellora da autoestima	4
	Técnicas de estudo: repaso xeral e perfeccionamento da lectura e dos aspectos problemáticos en cada caso	2
	Avaliación trimestral	2
Profesorado	Sesión de avaliación inicial do curso	Segunda quincena de outubro
	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre
	Sesión de avaliación ordinaria	Finais do primeiro trimestre
Familias	Reunión inicial informativa	Segunda quincena de outubro
	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre
2º TRIMESTRE		
Alumnado	Programa de desenvolvemento persoal e social: alcohol, drogas	2
	Cohesión grupal, actividades 1, 2, 3 e 4 (opcionalmente a 5)	7
	Avaliación trimestral	2
Profesorado	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre
	Sesión de avaliación ordinaria	Finais do segundo trimestre
Familias	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre
	Reunión informativa sobre a marcha do grupo	Primeira quincena de marzo
3º TRIMESTRE		
Alumnado	Toma de decisións, actividades 1, 2, 3 e 4	7
	Orientación académica e profesional: estrutura e optativas no segundo curso do programa	2
	Avaliación final do curso e da titoría	2
Profesorado	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre
	Sesión de avaliación ordinaria e elaboración do consello orientador	Finais do terceiro trimestre

Familias	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre
4º TRIMESTRE		
Alumnado	Actividades de acollida: presentación, normas, propostas para a tutoría e plan de traballo para o curso	1
	Orientación académica e profesional: información sobre o novo curso. Recuperación das pendentes e criterios de promoción	1
	Elección de delegado: funcións, compromisos, procedemento e elección	1
	Técnicas de estudo: repaso xeral e perfeccionamento da lectura, da toma de apuntamentos, da realización de traballos e de exames	7
	Avaliación trimestral	2
Profesorado	Sesión de avaliación inicial do curso	Segunda quincena de outubro
	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre
	Sesión de avaliación ordinaria	Finais do primeiro trimestre
Familias	Reunión inicial informativa	Segunda quincena de outubro
	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre
5º TRIMESTRE		
Alumnado	A adolescencia	2
	Habilidades sociais	7
	Avaliación trimestral	2
Profesorado	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre
	Sesión de avaliación ordinaria	Finais do segundo trimestre
Familias	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre
	Reunión informativa sobre a marcha do grupo	Primeira quincena de marzo
6º TRIMESTRE		
Alumnado	Orientación académica e profesional (I): estrutura, optatividade e itinerarios formativos de 4º ESO; criterios de titulación; alternativas posteriores	2
	Educación en valores: responsabilidade con un mesmo (hábitos de vida saudables)	6
	Orientación académica e profesional (II): axuda final na toma de decisións	1
	Avaliación final do curso e da tutoría	2
Profesorado	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre
	Sesión de avaliación ordinaria e elaboración do consello orientador	Finais do terceiro trimestre
Familias	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre

PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E O RENDEMENTO

(PROGRAMA DE UN ANO)

SECTOR	ACTIVIDADES	SESIÓNS / TEMPORALIZACIÓN
1º TRIMESTRE		
Alumnado	Actividades de acollida: presentación, normas, propostas para a tutoría e plan de traballo para o curso	1
	Orientación académica e profesional: información sobre o novo curso. Recuperación das pendentes e criterios de promoción	1
	Elección de delegado: funcións, compromisos, procedemento e elección	1
	Motivación cara á aprendizaxe e mellora da autoestima	4
	Técnicas de estudo: repaso xeral e perfeccionamento da lectura, da toma de apuntamentos, da realización de traballos e de exames	4
	Avaliación trimestral	1
Profesorado	Sesión de avaliación inicial do curso	Segunda quincena de outubro
	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre
	Sesión de avaliación ordinaria	Finais do primeiro trimestre
Familias	Reunión inicial informativa	Segunda quincena de outubro
	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre
2º TRIMESTRE		
Alumnado	A adolescencia	2
	Habilidades sociais	7
	Avaliación trimestral	2
Profesorado	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre
	Sesión de avaliación ordinaria	Finais do segundo trimestre
Familias	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre
	Reunión informativa sobre a marcha do grupo	Primeira quincena de marzo
3º TRIMESTRE		
Alumnado	Orientación académica e profesional (I): estrutura, optatividade e itinerarios formativos de 4º ESO; criterios de titulación; alternativas posteriores	2
	Educación en valores: responsabilidade con un mesmo (hábitos de vida saudables)	6
	Orientación académica e profesional (II): axuda final na toma de decisións	1
	Avaliación final do curso e da tutoría	2
Profesorado	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre

	Sesión de avaliación ordinaria e elaboración do consello orientador	Finais do terceiro trimestre
Familias	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

SECTOR	ACTIVIDADES	SESIÓNS / TEMPORALIZACIÓN
1º TRIMESTRE		
Alumnado	Actividades de acollida: presentación, normas, propostas para a titoría e plan de traballo para o curso	1
	Información académica sobre a FP Básica: avaliacións, formación na empresa, prácticas, expectativas persoais, continuación de estudos, etc.	1
	Elección de delegado: funcións, compromisos, procedemento e elección	1
	Motivación cara á aprendizaxe e mellora da autoestima	3
	Técnicas de estudo	5
	Avaliación trimestral	1
Profesorado	Sesión de avaliación inicial do curso	Segunda quincena de outubro
	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre
	Sesión de avaliación ordinaria	Finais do primeiro trimestre
Familias	Reunión inicial informativa	Segunda quincena de outubro
	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre
2º TRIMESTRE		
Alumnado	Educación en valores: responsabilidade, respecto, empatía, autorregulación	5
	Habilidades de comunicación e resolución de conflitos	3
	Avaliación trimestral	1
Profesorado	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre
	Sesión de avaliación ordinaria	Finais do segundo trimestre
Familias	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre
	Reunión informativa sobre a marcha do grupo e preparación para o período de formación en centros de traballo	Primeira quincena de marzo
3º TRIMESTRE		
Alumnado	Educación en valores: responsabilidade, respecto, empatía, autorregulación	9
	Avaliación final do curso e da titoría	1
Profesorado	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre
	Sesión de avaliación ordinaria	Finais do terceiro trimestre
Familias	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre

4º TRIMESTRE		
Alumnado	Actividades de acollida: presentación, normas, propostas para a titoría e plan de traballo para o curso	1
	Orientación académica e profesional: información sobre o novo curso. Recuperación das pendentes e criterios de titulación	1
	Elección de delegado: funcións, compromisos, procedemento e elección	1
	Técnicas de estudo: repaso xeral e perfeccionamento da lectura, da toma de apuntamentos, da realización de traballos e de exames	7
	Avaliación trimestral	2
Profesorado	Sesión de avaliación inicial do curso	Segunda quincena de outubro
	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre
	Sesión de avaliación ordinaria	Finais do primeiro trimestre
Familias	Reunión inicial informativa	Segunda quincena de outubro
	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre
5º TRIMESTRE		
Alumnado	Educación vial	3
	Preparación para a Formación en Centros de Traballo	2
	Orientación académica e profesional: obtención do Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, os ciclos formativos, a inserción laboral e outras opcións formativas. Preparación do consello orientador	4
	Avaliación trimestral	2
Profesorado	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre
	Sesión de avaliación ordinaria	Finais do segundo trimestre
Familias	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre
	Reunión informativa sobre a marcha do grupo	Primeira quincena de marzo
6º TRIMESTRE		
Alumnado	Dedicaranse estas sesións ao repaso xeral de todo o tratado ao longo do curso, incidindo nos aspectos máis que sexan máis necesarios en función das características do alumnado e sobre todo na orientación individual a cada alumno en relación aos intereses e posibilidades para o futuro.	10
	Avaliación final do curso e da titoría	2
Profesorado	Contactos periódicos de seguimento do curso	Ao longo do trimestre
	Sesión de avaliación ordinaria e elaboración do consello orientador	Finais do terceiro trimestre
Familias	Contactos individuais na hora semanal de atención ás familias	Ao longo do trimestre